

# ORIENTA-TEA

**PROBA DE ORIENTACION NOCTURNA**

**SABADO 8 OUTUBRO, 19:00 HORAS**



# 1.- DATA, HORARIO E LUGAR

Sábado 8 de outubro do 2022 ás 19:00 Horas no Carballo da Armada (Queimadelos), Mondariz. Para obter a localización preme [AQUÍ](#).

## 2.- A ACTIVIDADE

Consiste en percorrer a pé unha distancia variable, por terreo xeralmente de bosque, coa única axuda dun mapa, intentando localizar unha serie de puntos de control ou balizas nun tempo máximo de 2,5 horas. Ademáis, durante a actividade haberá que ir superando unha serie de probas, que poden ser físicas e/ou de coñecementos (naturais, xeográficos, históricos, culturais...), tentando acumular o maior número de puntos posibles.

O itinerario a seguir é tipo “score”, é dicir, libre e optativo, de tal maneira que cada equipo decide en todo momento hacia ónde vai e as probas que realiza en función da súa estratexia ou intereses. Todo tempo que exceda o máximo permitido pola organización será penalizado con puntos.

As balizas a localizar teñen diferente puntuación dependendo da súa dificultade para atopalos. Ademáis, nalgúns deles existen probas a superar para acumular puntos extra: tiro con arco, equilibrio entre árbores, pontes tibetanos, probas de coñecementos, acertixos... Toda esta información a manexa cada equipo ao seu gusto para decidir o seu percorrido durante a proba.

O concello está especialmente comprometido co respecto e coidado da contorna natural. Espérase que os/as participantes demostren un comportamento acorde con tal compromiso. O incumprimento das normas de protección do medio ambiente (concretamente a prohibición de facer lume, deixar desperdicios non biodegradables, ou deteriorar innecesariamente a vexetación) será motivo de penalización. Tamén poderá ser motivo de penalización a invasión de propiedades privadas e/ou campos de cultivo.



### **3.- MATERIAL OBRIGATORIO E RECOMENDABLE**

Debido o seu carácter nocturno, é obrigatorio que cada participante debe posúa unha fonte de luz (lanterna ou frontal) durante o desenvolvemento da proba. A organización da proba pode requerila en calquera momento durante o tempo de carreira, penalizando a tod@ participante que non a leve.

Cada un dos equipos deberá levar polo menos un teléfono móbil, por si fose necesaria nalgún momento comunicación coa organización da proba.

Ademáis do material obrigatorio citado no parágrafo anterior, a organización recomenda aos participantes dispoñer do seguinte material:

- Calzado e roupa cómoda para andar e correr .
- Mochila con avituallamento sólido e líquido durante o transcurso da proba (a organización dará avituallamento pero só unha vez finalizada a proba).
- Calzado e roupa de reposto. É moi probable que acabedes mollados pola suor, así que agradeceredes un cambio de camiseta despóis da proba.
- Chubasqueiro (se hai previsión de choiva).

### **4.- OS EQUIPOS**

Cada equipo estará formado por un mínimo de 2 persoas ata un máximo de 6. A proba, debido o seu carácter nocturno e a esixencia dalgunhas probas, non é apta para menores de 16 anos. Os/as rapaces/as con idades comprendidas entre 16 e 18 anos poderán participar sempre que os/as pais/nais ou titores/as asinen unha autorización.



## 5.- INSCRICIONS E PREZO

O prazo de inscrición para a proba está aberto ata o 5 de outubro ás 23:59 horas ou ata completar o número máximo de equipos.

O prezo da actividade é de 10€/persoa

As inscricións realizaránse a través da nosa web ([www.territorio-comanche.com](http://www.territorio-comanche.com)) e serán por estricta orde de inscrición. Os pasos a seguir son os seguintes:

1º Entra no apartado “AXENDA” e preme na actividade ORIENTA-TEA.

2º Fai o teu pedido, indicando o número de persoas que conforma o teu equipo (entre 2 e 6 persoas) .

3º Unha vez realizado o pago, recibirás nun prazo de dous días un formulario que deberás enviarnos cumprimentado coa información do teu equipo (consulta a túa carpeta SPAM no caso de non atopalo).

## 6.- OS PREMIOS

Haberá premios para ós tres primeiros equipos clasificados da proba, consistentes en:

1º EQUIPO CLASIFICADO: Noite con aloxamento e almorzo para tod@s @s integrantes do equipo na casa rural A CANTARUXA MARUXA ([www.acantaruxamaruxa.es](http://www.acantaruxamaruxa.es))

2º EQUIPO CLASIFICADO: Pases para o Palacio da Auga de Mondariz máis cea incluída para tod@s @s integrantes do equipo. ([www.balneariomondariz.es](http://www.balneariomondariz.es))

3º EQUIPO CLASIFICADO: Pases para o Palacio da Auga de Mondariz para tod@s @s integrantes do equipo ([www.balneariomondariz.es](http://www.balneariomondariz.es)).

